

"O Xigante Desperto: China, a gran descoñecida"



Impartido polo docente:

- Iván José Nieto Cerdeiriña

Descrición:

Este seminario propón ofrecer unha aproximación real e accesible sobre China, dende unha perspectiva práctica e amena, abordando diferentes aspectos históricos, culturais, económicos e políticos. Analizaremos cómo os tópicos non sempre se cumpren, e como sendo tan diferentes, temos moitas máis semellanzas das que se agardan. Ao mesmo tempo, pretendemos dar resposta, a moitas preguntas relacionadas coa súa evolución, peculiaridades sociais e non menos importante, o seu **Impacto Global Actual**.

Obxectivos:

- Comprender dunha maneira sinxela, como funciona China a nivel político, económico e social.
- Reflexionar sobre as novas tendencias e os cambios culturais e tecnolóxicos que afectan ao país.
- *Analizar o papel de China no contexto internacional actual e o seu papel decisivo na nova orde mundial.*

Contidos:

1. Introducción, historia e evolución de China.
2. Sociedade, cultura e pensamento chinés.
3. Sistema e estrutura política e económica de China.
4. China e o mundo.

Metodoloxía:

- **4 sesións teóricas** de dúas horas cada unha.
- **Prácticas** de iniciación á lingua chinesa.
- Uso de **material audiovisual** (Videos, fotografías, documentais, reportaxes, gráficos, entrevistas, etc.) para ilustrar conceptos clave.
- Análise de **casos reais** que exemplifican diferentes aspectos da vida en China.
- **Discusións guiadas** para fomentar a reflexión crítica sobre os temas tratados.
- **Lecturas** seleccionadas de libros e artigos especializados.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 17 a 19 horas**), os días **27 de novembro e 4, 11 e 18 de decembro de 2025**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña.

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 10 ao 20 de novembro de 2025**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 - secretaria.senior.coruna@udc.es)